

Os alumnos do Obradoiro de Emprego Benemprega, que se está a desenvolver na Mancomunidade Terra de Celanova, visitaron esta semana o Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da Universidade de Santiago (CIMUS).

Alí puideron comprobar de primeira man como se está a investigar de xeito pioneiro o envellecemento, as enfermidades cardiovasculares, metabólicas e neurolóxicas; a empregabilidade das células nais pluripotentes e a tecnoloxía usada para elo por exemplo o microscopio confocal.

Tamén asistiron a unha conferencia maxistral do doutor Miguel Fidalgo, que introduciu ós alumnos no mundo da biomedicina, a epixenética, a reprogramación celular e a parabiose, así como os últimos avances en cancro e enfermidades raras como os cavernomas neurolóxicos, cunha alta incidencia no noroeste peninsular e en Xapón.

Os alumnos e a equipa directiva coincidiron en sinalar que a visita foi moi interesante e produtiva fomentando a transferencia de coñecementos sobre os últimos avances en investigación biomédica.